



Nacida no Delta do Nilo, **Iman Mersal** foi cofundadora e editora da revista feminista independente Bint al-Ard (*Filla da Terra*) e mais da literaria Adab wa Naqd (*Literatura e Crítica*) durante varios anos en Exipto. Doutorada pola Universidade do Cairo, boa parte da súa contribución académica e publicacións coma ensaísta e estudosa da literatura versan sobre as identidades diaspóricas. Andando o ano 1998 trasladouse a Boston (EE.UU.) e máis tarde a Edmonton (Canadá), onde actualmente traballa como profesora asociada de literatura árabe na Universidade de Alberta. Alén diso, vén de recibir unha bolsa posdoutoral EUME no Forum Transregionale Studien de Berlín.

Como poeta, Mersal é autora de catro libros publicados en árabe no seu país natal: en 1990 *Ittisafat (Caracterizacións)* fixo un excelente debut, pero *Mamarr Mu'tim Yasluh li Ta'allum al-Raq* (*Un corredor escuro é axeitado para aprender a bailar*) marcaría en 1995 un punto de inflexión e reeditaríase en 2004. De 1997 é *al-Mashy Atwal Waqt Mumkin (Camiñar canto sexa posible)*, e ata 2006 houbo que agardar por *Jughrafiya Badila (Xeografía alternativa)*. Para este 2013 espérase a publicación de *Hatta Atakhalla a'n Fekrat al - Biout (Ata desistir da idea de fogar)*. Ademais, unha antoloxía persoal traducida ao inglés viu a luz en Nova York e outros textos seus téñense vertido a linguas coma o francés, castelán, holandés, alemán, hebreo ou italiano en prestixiosas publicacións, ao tempo que amosa o seu traballo en festivais e encontros internacionais por todo o mundo. Tamén ela mesma ten co-traducido ao inglés para o árabe unha obra de Waguhi Ghali, e colaborou co cineasta Shabnam Sukhdev nun filme baseado na súa propia poesía e experiencia da diáspora: *Estranxeira na súa propia pel*.

*É agradable
volver contemplar as fotos da miña infancia.
Poder afastar a idea constante
de que eu era o bonito proxecto de me converter noutra persoa,
pero que foi desbaratado polas miñas acertadas decisións.*

←
**(IMAN
MERSAL)**

Luns **14** de xaneiro

20:30
Centro
Sociocultural
ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS



Chus Pato



Aínda que naceu en Ourense, **Chus Pato** reside hoxe en Lalín, onde traballa como profesora de Xeografía e Historia. Constitúe unha das figuras máis innovadoras, destacadas e de maior proxección internacional das letras galegas contemporáneas. Comezou a publicar poesía en 1991 con *Urania*, ao que seguiría en 1994 *Heloísa*, en 1995 *Fascinio* (cunha 2ª edición en 2010), e en 1996 *Nínive*, que foi galardoado co Premio Losada Diéguez de Creación Literaria. A continuación saíu *A ponte das poldras* (1996), que acadaría tamén unha segunda edición dez anos máis tarde. Do ano 2000 é *m-Talá*, do 2003 *Charenton*, e de 2008 *Hordas de escritura*, que volveu acadar o Premio Losada Diéguez e tamén o Premio da Crítica Española. Os seus últimos títulos orixinais son *Secesión* (2009) e a antoloxía sonora *Nacer é unha república de árbores* (2011).

Mais tamén existen ata cinco volumes da súa obra con traducións ao inglés a cargo de Erín Moure, que foron saíndo dende 2003 a 2012 sobre todo no Canadá. Así mesmo, en castelán cóntase coa antoloxía *Un Ganges de palabras* (2003), traducida por Iris Cochón; tamén está *Heloísa* (1998) en versión de Xosé Manuel Trigo; *m-Talá* viu a luz en 2009 en Bos Aires traducido por Teresa Arijón e Bárbara Belloc, e *Hordas de escritura seguido de Secesión* fíxoo o pasado ano en Madrid traducido por Ana Gorría. A obra de Chus Pato está incluída en prestixiosas antoloxías de ámbito nacional, estatal e internacional, e así mesmo foi invitada aos festivais internacionais de Barcelona, Rosario, A Habana, Bos Aires, Bratislava, Rotterdam e Felix de Ambères.

Eleusis

*Isto
eu
aquí
agora
ti
hoxe
mañá
entón
o mesmo día
sempre*

nada hai na voz nada

unha lingua de fogo que a todos e a cada unha pertence

*pero quen di o idioma é a voz
non está
e volve*

← (CHUS PATO)

Luns **14** de xaneiro

20:30
Centro
Sociocultural
ÁGORA

| Rúa Ágora s/n (prolongación R/Mosteiro de Caaveiro) |
| 15010 A CORUÑA | 981 189 888 |
| agora@coruna.es | www.centroagora.es |

POETAS DI(N)VERSOS

Iman Mersal

